



Estimado/da señor/ra,



Seguindo a liña que arrincaba coa publicación do Léxico editorial castelán-galego, o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Universidade de Santiago de Compostela continúa co seu traballo de creación, asentamento e difusión terminolóxica, como o amosa a recente aparición do Vocabulario de historia, que pretende asentar o léxico galego desa disciplina.

Agora ben, son consciente de que a universidade ten que ser un elemento dinamizador do conxunto da sociedade, e estou convencido de que o futuro do galego depende da súa capacidade para se converter en lingua habitual dos galegos en calquera ámbito social, cultural ou económico.

Polo tanto, o SNL pretende que o seu traballo sexa útil a todas as institucións do país que teñan algunha responsabilidade no terreo lingüístico e, por iso, remítolle un exemplar do devandito Vocabulario de historia esperando que lle axude no seu labor diario.



Reciba un atento saúdo.

Fernando López Viqueira  
Responsable técnico do SNL

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2024



PD. A medida que vaian aparecendo novos materiais iránselle facendo chegar por esta mesma vía.